



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2021320001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-II-21



Proba A1

Vostede colabora coa revista que edita a asociación de comerciantes e empresarios do seu municipio. Despois de ver un programa de televisión sobre as cerámicas de Sargadelos, decide escribir un artigo sobre esta empresa. No **texto**, de **300 palabras**, vostede deberá:

- Presentar a empresa e indicar algúns dos trazos máis característicos dos seus produtos.
- Resumir a súa historia desde as orixes ata a actualidade.
- Describir as distintas fases e técnicas de fabricación das súas pezas.
- Opinar sobre os deseños de Sargadelos e explicar por que a súa cerámica goza de tanto prestixio.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



Proba A2

Unha amiga súa pídelles consello porque quere investir uns aforros. Despois de ler nun xornal o seguinte artigo sobre a comercialización de produtos ecolóxicos, vostede pensa que este sector pode ofrecer boas oportunidades de negocio e decide escribirlle unha mensaxe electrónica. No **texto**, de **300 palabras**, ten que:

- Felicitala pola decisión que acaba de tomar e darlle a súa opinión sobre as vantaxes de investir os aforros.
- Suxerirlle de forma argumentada que abrir unha tenda de produtos ecolóxicos pode ser unha boa opción.
- Ofrecerlle algunhas recomendacións para asegurar o éxito da nova empresa.
- Propoñerlle levar adiante o seu proxecto xuntos e concretar unha cita para falaren.

O que cómpre saber para abrir unha tenda de produtos ecolóxicos

Desde cervexas e confeitos ata froitas e verduras, a denominada industria de produtos ecolóxicos abrangue cada vez máis sectores comerciais. A razón desta expansión relaciónase coa crecente preocupación das persoas por saberen como se produciu, que contén e de onde procede o produto que van consumir. Hoxe, a demanda supera a oferta, polo que existe un grande oco no mercado para produtores, intermediarios e comercios. Segundo un estudo recente, incrementouse a produción, pero o número de tendas especializadas está moi por debaixo da demanda. De feito, as principais vías de comercialización destas mercadorías seguen a ser as feiras, os mercados e o repartimento directo en domicilios.

Un alimento ecolóxico é aquel que procede dun modo de cultivo pouco ou nada industrializado, no que se evitou o uso tanto de sementes e plantas cuxa xenética foi modificada como de praguicidas, herbicidas e fertilizantes artificiais. Son produtos que, atendendo ao seu prezo, adoitan estar dentro dunha «categoría premium», por seren entre un 20 e un 30 % máis caros en relación cos que oferta o mercado tradicional. Cunha tenda especializada é posible ofrecer gran cantidade e variedade de produtos nun mesmo espazo a un público que está disposto a pagar esa diferenza de prezo, sempre que se lle garanta e certifique que está a adquirir unha mercadoría ecolóxica.

Así pois, os estudos de mercado indican que os sectores da distribución e da comercialización dos alimentos ecolóxicos teñen moi boas expectativas, pois as nosas bolsas da compra aínda as enchemos con só un 10 % destes artigos. Os produtos con maior potencial de venda son as froitas, as hortalizas, o pan e o mel. Así mesmo, no sector gandeiro hai unha grande oportunidade, debido á escasa oferta de carne, ovos, leite e a ampla gama de produtos lácteos (queixos, manteigas, iogures etc.). Mesmo empezan a demandarse algúns alimentos procesados, como as galletas.

Se vostede decide abrir unha tenda especializada neste sector comercial, debe ter en conta algunhas recomendacións. A primeira é que a situación do local vai ser unha das claves do éxito (ou do fracaso). Identifique a súa clientela (renda, hábitos de consumo) e estude a área na que se vai instalar. Por exemplo, a asociación de empresarios A Donicela elaborou un estudo sobre o impacto que provoca a apertura dun gran centro comercial nunha área urbana. Esta organización atopou que, cando isto ocorre, o comercio tradicional xa alí establecido tende a crecer, debido a que se incrementa o fluxo de persoas e a que os comercios pequenos adoitan axustar e especializar a súa oferta de produtos e servizos.

Outra cousa que hai que ter en conta é que non resulta doado atopar provedores. Asegúrese de que non vai ter ningún problema para fornecerse dos produtos que lle demanden. Hai que pensar que a clientela, por un regular, estará moi pendente de cando van chegar á súa tenda os lotes de polo e de carne de vacún para mercalos antes de se esgotaren. Unha estratexia básica é mostrar a oferta en Internet, onde deberá estar dispoñible un catálogo de produtos actualizado, que tamén se poderá entregar en man na propia tenda.

A decoración é de suma importancia. É aconsellable crear un ambiente no que se perciba unha contorna ecolóxica e natural. De dispoñer de espazo, é ben reservar na entrada un lugar para deixar bicicletas. E para que os clientes se sintan seguros do que están comprando, deberase poñer, nalgún lugar ben visible, letreiros con copias das certificacións que acrediten que as mercadorías son ecolóxicas.

En resumo, a xente estalle dando cada vez máis importancia aos produtos ecolóxicos como unha forma de preservar a saúde e de evitar riscos sanitarios. Deste xeito, pódese afirmar que existe un mercado aínda por atender e un espazo comercial por ocupar con novos puntos de venda nos medianos e grandes núcleos urbanos de Galicia.

Fonte: varias webs sobre consumo de produtos ecolóxicos



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

